



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

MIGUEL PIÑEIRO SOUTO, SECRETARIO DO CONCELLO DA LARACHA (A CORUÑA).

CERTIFICO

Que na sesión ordinaria do 14 de maio de 2025 a Xunta de Goberno Local adoptou, entre outros, o acordo seguinte:

ASUNTOS DE URXENCIA.

Dende a Presidencia, propónse para a súa inclusión na orde do día o asunto seguinte:

- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE VERÁN 2025

Sométese a votación a urxencia, quedando RATIFICADA A URXENCIA, coa INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA, por UNANIMIDADE dos membros presentes: D. José Ramón Martínez Barbeito, D Alberto Blanco Veiga, Dna. Almudena Martínez Pérez, Dna. Verónica Pérez Verdía D. Juan Carlos Amado Collazo.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE VERÁN 2025.

Dáse lectura á proposta de Alcaldía que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Dende a Concellería de cultura e deportes estase a organizar o programa de actividades infantís e xuvenís de verán 2025.

Para cumprir co disposto no artigo 44.1 do RDL 2/2004 o prezo público debería permitir acadar unha recadación estimada que cubrise os custos que se calculan no informe antedito. No obstante, co prezo público que se propón non se cubrirán os custos antes mencionados, sendo de aplicación o disposto no artigo 44.2 do RDL 2/2004 que permite a fixación de prezos públicos por debaixo do límite previsto no punto primeiro “*cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen*”, como é o caso, xa que se trata de actividades coas que se persegue a consecución do mandato establecido na Constitución Española de promoción e tutela do acceso á utilización do ocio e á cultura.

Tendo en conta o anterior, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Establecer a seguinte tarifa para o Prezo público pola participación nas actividades infantís e xuvenís de verán do 2025.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

ACTIVIDADE	DATA	Nº PRAZAS	PREZO PÚBLICO PARTICIP.	CUSTO TOTAL PARTICIPANTE	CUSTE TOTAL ACTIVIDADE
Campamento Urbano (Anos de nacemento 2019-2021)	30/06 ao 4/07	50	25,00€	43,56€	2.178€
Campamento Urbano (Anos de nacemento 2019-2021) servizo madrugga			30,00 €		
Campamentos Caión (Anos de nacemento 2013-2015)	30/06 ao 4/07	50	60,00 €	258,48 €	12.924€
Campamentos Caión (Anos de nacemento 2016-2018)	07/07 ao 11/07	50	60,00 €	258,48 €	12.924€ €
Campamento dixital (1º Quenda) Anos de nacemento (2008-2011)	07/07 ao 11/07	18	GRATUÍTO		GRATUÍTO
Campamento dixital (2º Quenda) Anos de nacemento (2016-2012)	28/07/ ao 1/08	18	GRATUÍTO		GRATUÍTO
Campus de fútbol (Anos de nacemento 2010-2020)	28/07/ ao 1/08	100	10,00 €	31,82 €	3.182 €
Campus de baloncesto (Anos de nacemento 2010-2019)	04/08 ao 08/08	80	10,00€	20,00€	1.600,00 €
Campamentos Divercamp Anos de nacemento 2013-2022	04/08 ao 08/08	50	25,00 €	80,00 €	4.000,00 €
Saída parque multiaventura Atalaia (A partir de 13 anos)	14-15-16 xullo 2025	40	150,00 €	269,35€	10.774€
Ruta a cabalo (Anos nacemento 2019- 2014)	21/07/2024	21	10€	29,52€	619,92€
Ruta a cabalo (A partir de 12 anos)	23/07/2024	20	10€	29,52€	619,92€
Kaiak Paddle Surf Sada (A partir de 12 anos)	01/08/2025	40	15€	31,6€	1.264€
Rafting (Río Ulla) A partir de 12 anos	06/08/2025	30	20€	41,5€	1.245€
Xornada multiaventura (parque aventuras Padrón) Anos nacemento (2019- 2014)	11/08/2024	50	25€	32,5€	1.625€

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Surf Caión Anos de nacemento (2014-2018)	18/08/2025	30	10€	17€	510€
Urban Planet Oleiros Anos de nacemento (2014-2020)	20/08/2025	50	10€	15€	750€
Paintball A partir de 14 anos	31/08/2025	30	10€	28	840€
TOTAL ACTIVIDADES PROGRAMA DE VERÁN					55.049,84€ €

SEGUNDO. - Establecer as seguintes condicións de participación:

- Para participar nas actividades e obrigatorio estar empadroadado/a no Concello da Laracha. Se quedaran prazas libres poderán inscribirse pola seguinte orde de prioridade (os casos excepcionais, deben poñerse en contacto co Concello para ser avisados no caso de quedar prazas libres):
 - o Alumnado dos colexios do termo municipal da Laracha que non estean empadroados no Concello.
 - o Menores non empadroados na Laracha, pero que teñen algún dos proxenitores empadroados no Concello.
 - o Fillas e fillos das empregadas e empregados municipais.
- As actividades terán que ter un mínimo de 15 participantes para levarse a cabo

a) Para a inscrición dos campamentos e da saída multiaventura (pendentes de sorteo), se establecen as seguintes regras:

- **As inscricións poden realizarse desde o luns 26 de maio ás 09:00 horas ata o luns 2 de xuño ás 12:00 horas** en horario de luns a venres de 09:00 a 14:00h ou en liña la web alaracha.gal/actividades.
- No caso de ter máis solicitudes que prazas, outorgaranse por sorteo público a realizar o día 3 de xuño ás 10.00 h no salón de plenos do Concello.
- O pago de estas actividades, pendentes de sorteo, non se fará no momento da inscrición. **O prazo para o pago será do 3 ao 5 de xuño.** No caso de non abonar o custo no prazo estipulado, suporá a renuncia á praza e pasará á seguinte persoa na lista de agarda (que terá un prazo de 2 días hábiles para realizar o pago).
- Unha vez resolto o sorteo, a formalización do pago poderá realizarse, dentro dos prazos estipulados, presencialmente na Casa do Concello ou en liña a través da web alaracha.gal/actividades.

A ter en conta:



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- Na saída ao parque multiaventura terán prioridade el primeiro lugar as persoas empadroadas no concello da Laracha que non participaron ningún ano e en segundo lugar os que non participaron o ano anterior.
- No 2º campamento Divercamp terán prioridade as persoas empadroadas no concello da Laracha cun grao de discapacidade recoñecida e acreditada igual ou superior ao 33%.

No caso da saída multiaventura Atalaia, tanto os participantes como pai/nai ou titor/a legal deberán aceptar ás seguintes condicións de participación:

- Os teléfonos móbiles retiraranse durante ás horas nocturnas ou en calquera momento que o considere o persoal ao cargo.
- Cada pai/nai titor/a deberá entregar o mesmo día da saída unha declaración responsable facilitada polo Concello no que se informa se leva o teléfono móbil á actividade. O engano dos datos facilitados nesta declaración poden dar lugar á penalización en futuras actividades, así como tamén o non cumprimento das normas de convivencia dos participantes.

b) Para os campus deportivos e resto das actividades (por orde de inscrición)

- **O prazo de inscrición será dende o mércores 28 de maio ás 9.00h ata 2 días hábiles anteriores á realización da actividade ou ata completar as prazas dispoñibles.**
- A praza na actividade considérase **confirmada** unha vez formalizada a inscrición e realizado o pago, presencialmente no Concello ou en liña na web alaracha.gal/actividades.
- As prazas dispoñibles outorgaranse por estrita orde de inscrición.
- Para poder participar nas actividades de surf, Rafting, kaiak, paddle surf é imprescindible saber nadar.

TERCEIRO. - Establecer o seguinte réxime de xestión para o Prezo Público pola participación nas actividades infantís e xuvenís de verán 2025.

- O ingreso do prezo público levarase a cabo en réxime de autoliquidación.
- O ingreso do prezo público levarase a cabo a través dun pago único anticipado no momento de facer a inscrición telemática ou presencial, agás nos casos das actividades suxeitas a sorteo.
- Admítese como medio de pagamento, tanto o ingreso en tarxeta nas dependencias municipais como o ingreso nas contas correntes de titularidade municipal ou outros medios electrónicos de pagamento.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- A desistencia ou a falta de asistencia do usuario á actividade, non suporá redución nin exención da obriga de pagamento, agás causas médicas xustificadas que impidan realizar a actividade e comunicadas previamente.
- No suposto de que, por causas non imputables ao interesado deixara de realizarse a actividade solicitada procederase á devolución do ingresado na parte proporcional ás prestacións realmente efectuadas. Se a actividade non chegase a iniciarse por causas non imputables ao interesado procederá a devolución completa do importe ingresado.

CUARTO- Publicar o presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello.”

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta transcrita cos seus acordos, por UNANIMIDADE dos membros presentes: D. José Ramón Martínez Barbeito, D Alberto Blanco Veiga, Dna. Almudena Martínez Pérez, Dna. Verónica Pérez Verdía D. Juan Carlos Amado Collazo.

O que certifico na Laracha, a data da sinatura electrónica, co visto e praxe do Sr. Alcalde accidental, José Ramón Martínez Barbeito, a reserva dos termos definitivos en que quede redactada a acta.